




PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 214
25 de xuño de 2025

Fascículo 3



CSV: BOPGDSPG-FXSMetA9r-7

Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

I 27368 (12/PRE-007182)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa dotación de solo empresarial na área de Pontevedra e, en concreto, respecto dos parques do Campiño e de Fragamoreira [92545](#)

I 27381 (12/PRE-007183)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a dilixencia da Xunta de Galicia na xestión das súas axudas ao emprego autónomo e as medidas que vai adoptar para cumprir a sentenza do TSXG sobre o Bono das persoas traballadoras autónomas de 2022 [92550](#)

I 27391 (12/PRE-007184)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da eventual implantación dunha versión en lingua galega de Atenea, o novo programa de xestión procesual no ámbito da Administración de xustiza [92554](#)

I 27396 (12/PRE-007185)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria

Sobre o estado en que está o desenvolvemento da Vía Ártabra e as previsións do Goberno galego respecto da materialización deste proxecto [92558](#)

I 27401 (12/PRE-007186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre o comunicado de loito oficial do Concello de Moraña no que se homologa unha vítima de violencia machista cun maltratador e a postura do Goberno galego ante un posible asesoramento aos concellos co fin de melloraren a súa comunicación oficial nestes casos [92562](#)

I 27436 (12/PRE-007187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla



Sobre o atraso da apertura do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Ourense e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto [92566](#)

I 27441 (12/PRE-007188)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a eventual revisión dos mecanismos de intervención psicosocial e protección policial logo das circunstancias do crime machista de Moraña e a valoración das declaracións do subdelegado do Goberno en Pontevedra respecto deste suceso [92571](#)

I 27446 (12/PRE-007189)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre o nivel de presenza da música galega nas programacións das institucións públicas e a actitude de moitos dos seus representantes en relación coa súa posta en valor [92576](#)

I 27452 (12/PRE-007190)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino

Sobre a suspensión do servizo de mamografías no Hospital Público do Barco de Valdeorras, o seu traslado a Ourense e as solucións previstas pola Xunta de Galicia ao respecto [92580](#)

I 27461 (12/PRE-007191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre o balance da Lei de normalización lingüística de 1983, a súa capacidade para dar resposta á realidade sociolingüística actual e a valoración que fai o Goberno galego da pertinencia dunha actualización deste marco legal [92585](#)

I 27464 (12/PRE-007192)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre o traballo e as previsións da Consellería do Medio Rural na loita contra a praga da avéspera do castiñeiro [92589](#)

I 27469 (12/PRE-007193)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre a situación salarial no sector do comercio de alimentación na provincia de Ourense e o actual conflito na negociación do seu convenio colectivo [92594](#)

I 27476 (12/PRE-007194)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a incidencia actual dos crimes machistas en Galicia e as medidas que prevé impulsar o Goberno galego co fin de aumentar a colaboración institucional para a mellor prevención e maior protección das mulleres [92598](#)



I 27503 (12/PRE-007195)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón Tomás**

Sobre a crise da empresa Guidoni Quartz, de Narón, e as accións que prevé pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de garantir a súa actividade industrial e o emprego [92603](#)

I 27515 (12/PRE-007196)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel**

Sobre o modelo e a tecnoloxía que defende o Goberno galego para a mobilidade persoal e a xestión que está a facer co programa de axudas Moves III orientado á promoción do vehículo eléctrico [92607](#)

I 27524 (12/PRE-007197)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria**

Sobre o proxecto de cesión das instalacións da vella fábrica de Cros S. A. en Culleredo á fundación Cetim, centro de investigación multisectorial, e os eventuais compromisos do Goberno galego neste proceso [92612](#)

I 27534 (12/PRE-007198)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego no que concirne á execución dunha rotonda e outros posibles proxectos de mellora da seguridade viaria e de mobilidade peonil na PO-344 á entrada de Santa María de Tebra, en Tomiño [92616](#)

I 27545 (12/PRE-007199)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis**

Sobre o conflito laboral que vive o sector do comercio de alimentación da provincia de Ourense e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para mediar entre as partes implicadas e mais superar a precariedade deste sector [92620](#)

I 27555 (12/PRE-007200)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia**

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o inicio dos trámites destinados a dotar o IES Concepción Arenal, de Ferrol, das instalacións deportivas cubertas acordadas co Concello de Ferrol no ano 2023 [92625](#)

I 27569 (12/PRE-007201)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 3 máis**

Sobre os datos referidos á externalización de funcións no Instituto Galego de Promoción Económica (Ilgape) e as previsións do Goberno galego en canto ao reforzamento dos recursos deste instituto [92629](#)



I 27573 (12/PRE-007202)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre as recomendacións do Consello de Contas recollidas no informe relativo á Conta Xeral publicado en 2025, as previsións do Goberno galego en canto ao seu cumprimento e a actitude que vén mantendo respecto das recomendacións deste organismo

[92634](#)**I 27581 (12/PRE-007203)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre as recomendacións do Consello de Contas referidas á contabilidade do Sergas recollidas no informe relativo á Conta Xeral publicado neste ano 2025, a explicación dos erros detectados e as medidas que está a tomar a Xunta de Galicia ao respecto

[92638](#)**I 27589 (12/PRE-007204)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 3 máis**

Sobre a autorización por parte do Goberno galego do parque eólico O Sobredo, en Arbo, malia contar con informes de impacto ambiental desfavorables, o nivel de rigor na xestión deste expediente e os criterios que vai adoptar noutros proxectos semellantes

[92642](#)**I 27594 (12/PRE-007205)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre a autorización por parte do Goberno galego do parque eólico Monte Xesteiros, na Estrada, malia contar con informes de impacto ambiental desfavorables, o nivel de rigor na xestión deste expediente e os criterios que vai adoptar noutros proxectos semellantes

[92647](#)**I 27599 (12/PRE-007206)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre a autorización por parte do Goberno galego do parque eólico Patiñeiro, en Vimianzo, malia contar con informes de impacto ambiental desfavorables, o nivel de rigor na xestión deste expediente e os criterios que vai adoptar noutros proxectos semellantes

[92652](#)**I 27620 (12/PRE-007207)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre a transparencia económico-financeira das entidades do sector público autonómico e as medidas previstas polo Goberno galego para que melloren o seu nivel de rendición de contas

[92657](#)**I 27629 (12/PRE-007208)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre o número total de contratos menores tramitados pola Xunta de Galicia e o seu sector público instrumental durante o ano 2025 e a postura e previsións da Xunta de Galicia ante o uso excesivo deste método de contratación

[92661](#)

I 27688 (12/PRE-007209)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa cobertura da praza vacante de médico de familia do Centro de Saúde da Pastoriza

[92665](#)**I 27715 (12/PRE-007210)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e 3 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa dotación dos centros educativos de Ponteareas no curso 2025-2026 de profesorado especialista para a atención ao alumnado con necesidades especiais de aprendizaxe

[92668](#)**I 27725 (12/PRE-007211)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre o grao de compromiso da Xunta de Galicia coa activación dos trámites administrativos para a ampliación do polígono de Bértoa, en Carballo, neste ano 2025

[9267&](#)**I 27730 (12/PRE-007212)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar**

Sobre as dificultades provocadas polo actual sistema de quendas de garda das farmacias das comarcas de Fisterra e Terra de Soneira e as xestións que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia para conseguir modificalo

[92676](#)**1.4.4.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en comisión****Admisión da solicitude, asignación a Comisión e publicación do acordo****I 24976 (12/PRE-006909)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago**

Sobre a situación do patrimonio arquitectónico da Ribeira Sacra, e concretamente a da torre de Arcos e a do pazo de Suatorre, en Chantada

[92542](#)**I 25306 (12/PRE-006943)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina**

Sobre a postura da Xunta de Galicia canto á posibilidade de establecer un sistema de gratuidade dos libros de texto en todas as etapas educativas obrigatorias e á mellora do proxecto educativo E-Dixgal

[92542](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

■ Resolución da Presidencia, do 13 de xuño de 2025, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2024/1348 no que atinxe ao establecemento dunha lista de países de orixe seguros ao nivel da Unión [COM (2025) 186]

-12/UECS-000052 (27355)

Consulta sobre o principio de subsidiariedade en relación coa Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2024/1348 no que atinxe ao establecemento dunha lista de países de orixe seguros ao nivel da Unión [COM (2025) 186] [92681](#)

■ Resolución da Presidencia, do 20 de xuño de 2025, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2021/947 no que atinxe ao aumento da eficiencia da Garantía de Acción Exterior [COM (2025) 262] {SWD (2025) 262}

-12/UECS-000055 (27738)

Consulta sobre o principio de subsidiariedade en relación coa Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2021/947 no que atinxe ao aumento da eficiencia da Garantía de Acción Exterior [COM (2025) 262] {SWD (2025) 262} [92733](#)



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 23 de xuño de 2025, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 27368 (12/PRE-007182)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa dotación de solo empresarial na área de Pontevedra e, en concreto, respecto dos parques do Campiño e de Fragamoreira

- 27381 (12/PRE-007183)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a dilixencia da Xunta de Galicia na xestión das súas axudas ao emprego autónomo e as medidas que vai adoptar para cumprir a sentenza do TSXG sobre o Bono das persoas traballadoras autónomas de 2022

- 27391 (12/PRE-007184)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego respecto da eventual implantación dunha versión en lingua galega de Atenea, o novo programa de xestión procesual no ámbito da Administración de xustiza

- 27396 (12/PRE-007185)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria

Sobre o estado en que está o desenvolvemento da Vía Ártabra e as previsións do Goberno galego respecto da materialización deste proxecto

- 27401 (12/PRE-007186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre o comunicado de loito oficial do Concello de Moraña no que se homologa unha vítima de violencia machista cun maltratador e a postura do Goberno galego ante un posible asesoramento aos concellos co fin de melloraren a súa comunicación oficial nestes casos

- 27436 (12/PRE-007187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla



Sobre o atraso da apertura do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Ourense e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

- 27441 (12/PRE-007188)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a eventual revisión dos mecanismos de intervención psicosocial e protección policial logo das circunstancias do crime machista de Moraña e a valoración das declaracións do subdelegado do Goberno en Pontevedra respecto deste suceso

- 27446 (12/PRE-007189)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre o nivel de presenza da música galega nas programacións das institucións públicas e a actitude de moitos dos seus representantes en relación coa súa posta en valor

- 27452 (12/PRE-007190)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino

Sobre a suspensión do servizo de mamografías no Hospital Público do Barco de Valdeorras, o seu traslado a Ourense e as solucións previstas pola Xunta de Galicia ao respecto

- 27461 (12/PRE-007191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre o balance da Lei de normalización lingüística de 1983, a súa capacidade para dar resposta á realidade sociolingüística actual e a valoración que fai o Goberno galego da pertinencia dunha actualización deste marco legal

- 27464 (12/PRE-007192)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre o traballo e as previsións da Consellería do Medio Rural na loita contra a praga da avespa do castiñeiro

- 27469 (12/PRE-007193)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre a situación salarial no sector do comercio de alimentación na provincia de Ourense e o actual conflito na negociación do seu convenio colectivo

- 27476 (12/PRE-007194)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre a incidencia actual dos crimes machistas en Galicia e as medidas que prevé impulsar o Goberno galego co fin de aumentar a colaboración institucional para a mellor prevención e maior protección das mulleres



- 27503 (12/PRE-007195)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón Tomás

Sobre a crise da empresa Guidoni Quartz, de Narón, e as accións que prevé pór en marcha o Goberno galego co obxectivo de garantir a súa actividade industrial e o emprego

- 27515 (12/PRE-007196)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel

Sobre o modelo e a tecnoloxía que defende o Goberno galego para a mobilidade persoal e a xestión que está a facer co programa de axudas Moves III orientado á promoción do vehículo eléctrico

- 27524 (12/PRE-007197)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria

Sobre o proxecto de cesión das instalacións da vella fábrica de Cros S. A. en Culleredo á fundación Cetim, centro de investigación multisectorial, e os eventuais compromisos do Goberno galego neste proceso

- 27534 (12/PRE-007198)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego no que concirne á execución dunha rotonda e outros posibles proxectos de mellora da seguridade viaria e de mobilidade peonil na PO-344 á entrada de Santa María de Tebra, en Tomiño

- 27545 (12/PRE-007199)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre o conflito laboral que vive o sector do comercio de alimentación da provincia de Ourense e as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para mediar entre as partes implicadas e mais superar a precariedade deste sector

- 27555 (12/PRE-007200)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o inicio dos trámites destinados a dotar o IES Concepción Arenal, de Ferrol, das instalacións deportivas cubertas acordadas co Concello de Ferrol no ano 2023

- 27569 (12/PRE-007201)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre os datos referidos á externalización de funcións no Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) e as previsións do Goberno galego en canto ao reforzamento dos recursos deste instituto



- 27573 (12/PRE-007202)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as recomendacións do Consello de Contas recollidas no informe relativo á Conta Xeral publicado en 2025, as previsións do Goberno galego en canto ao seu cumprimento e a actitude que vén mantendo respecto das recomendacións deste organismo

- 27581 (12/PRE-007203)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as recomendacións do Consello de Contas referidas á contabilidade do Sergas recollidas no informe relativo á Conta Xeral publicado neste ano 2025, a explicación dos erros detectados e as medidas que está a tomar a Xunta de Galicia ao respecto

- 27589 (12/PRE-007204)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre a autorización por parte do Goberno galego do parque eólico O Sobredo, en Arbo, malia contar con informes de impacto ambiental desfavorables, o nivel de rigor na xestión deste expediente e os criterios que vai adoptar noutros proxectos semellantes

- 27594 (12/PRE-007205)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a autorización por parte do Goberno galego do parque eólico Monte Xesteiros, na Estrada, malia contar con informes de impacto ambiental desfavorables, o nivel de rigor na xestión deste expediente e os criterios que vai adoptar noutros proxectos semellantes

- 27599 (12/PRE-007206)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a autorización por parte do Goberno galego do parque eólico Patiñeiro, en Vimianzo, malia contar con informes de impacto ambiental desfavorables, o nivel de rigor na xestión deste expediente e os criterios que vai adoptar noutros proxectos semellantes

- 27620 (12/PRE-007207)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a transparencia económico-financeira das entidades do sector público autonómico e as medidas previstas polo Goberno galego para que melloren o seu nivel de rendición de contas

- 27629 (12/PRE-007208)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia

Sobre o número total de contratos menores tramitados pola Xunta de Galicia e o seu sector público instrumental durante o ano 2025 e a postura e previsións da Xunta de Galicia ante o uso excesivo deste método de contratación



- 27688 (12/PRE-007209)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa cobertura da praza vacante de médico de familia do Centro de Saúde da Pastoriza

- 27715 (12/PRE-007210)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa dotación dos centros educativos de Pontearreas no curso 2025-2026 de profesorado especialista para a atención ao alumnado con necesidades especiais de aprendizaxe

- 27725 (12/PRE-007211)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre o grao de compromiso da Xunta de Galicia coa activación dos trámites administrativos para a ampliación do polígono de Bértoa, en Carballo, neste ano 2025

- 27730 (12/PRE-007212)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar

Sobre as dificultades provocadas polo actual sistema de quendas de garda das farmacias das comarcas de Fisterra e Terra de Soneira e as xestións que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia para conseguir modificalo

1.4.4.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en comisión

Admisión da solicitude, asignación a Comisión e publicación do acordo

- 24976 (12/PRE-006909)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago

Sobre a situación do patrimonio arquitectónico da Ribeira Sacra, e concretamente a da torre de Arcos e a do pazo de Suatorre, en Chantada

BOPG nº 198, do 15.05.2025

A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 27708, en pregunta con resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

- 25306 (12/PRE-006943)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina

Sobre a postura da Xunta de Galicia canto á posibilidade de establecer un sistema de gratuidade dos libros de texto en todas as etapas educativas obrigatorias e á mellora do proxecto educativo E-Dixgal

BOPG nº 201, do 21.05.2025



A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 27726, en pregunta con resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 13 de xuño de 2025, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2024/1348 no que atinxe ao establecemento dunha lista de países de orixe seguros ao nivel da Unión [COM (2025) 186]

-12/UECS-000052 (27355)

Consulta sobre o principio de subsidiariedade en relación coa Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2024/1348 no que atinxe ao establecemento dunha lista de países de orixe seguros ao nivel da Unión [COM (2025) 186]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 27355, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa a Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2024/1348 no que atinxe ao establecemento dunha lista de países de orixe seguros ao nivel da Unión [COM (2025) 186].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010 e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, aos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.



3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 20 de xuño de 2025, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2021/947 no que atinxe ao aumento da eficiencia da Garantía de Acción Exterior [COM (2025) 262] {SWD (2025) 262}

-12/UECS-000055 (27738)

Consulta sobre o principio de subsidiariedade en relación coa Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2021/947 no que atinxe ao aumento da eficiencia da Garantía de Acción Exterior [COM (2025) 262] {SWD (2025) 262}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 27738, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa a Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2021/947 no que atinxe ao aumento da eficiencia da Garantía de Acción Exterior [COM (2025) 262] {SWD (2025) 262}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010 e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, aos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a creación de solo empresarial na área de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O parque empresarial do Campiño está ao límite da súa total ocupación nestes momentos e os parques de Curro e A Reigosa teñen un nivel moi alto, polo que a posibilidade de crecemento de solo está “practicamente estrangulada”.

A execución da ampliación do Campiño é un proxecto que estivo paralizado durante dez anos, período no que non se atenderon as demandas de dotación de solo empresarial formuladas polo concello de Pontevedra e se incumpriron as previsións do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia (PSOATEG), que cualificou como estratéxicas para o período 2025-2024 a ampliación do Campiño e o creación do parque empresarial de Fragamoreira en Poio. No caso do Campiño, a previsión era desenvolver a ampliación nunha superficie de 342.215 m² (205.329 m² de superficie neta).

En febreiro de 2023 o concello de Pontevedra remitiu un escrito á Xunta coa “Solicitud de desenvolvemento da área empresarial de carácter estratéxico prevista no PSOATEG denominada “Nova Delimitación PS11-Ampliación do PE do Campiño, para atender a demanda de solo empresarial na área urbana de Pontevedra”.

Neste documento sinálanse entre outras as seguintes motivacións:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“cómpre ponderar que o parque empresarial do Campiño está tecnicamente ao límite de ocupación e que os parques de Outeda-Curro -xestionado pola Deputación- e o Parque empresarial da Reigosa en Ponte Caldelas, teñen unha ocupación bastante elevada (só 19 e 13 parcelas dispoñíbeis, respectivamente), polo que tras descartar a Xunta no devandito Plan e incluso o Estado, a plataforma loxística intermodal/empresarial no lugar de Leborei, na parroquia de San Vicente de Cerponzóns, en terreos que ocupaban una superficie aproximada de 43 hectáreas, podemos vernos nun período relativamente curto de poucos anos nunha situación de estrangulamento na oferta de solo”.

No mes de xullo de 2024, Xestur adxudicou o contrato do Servizo de redacción do plan estruturante de ordenación de solo empresarial e instrumentos de desenvolvemento e execución da ampliación parque empresarial de O Campiño (Pontevedra). A adxudicataria foi a empresa PROYFE SL, cun prezo de 214.170 euros e un prazo de execución de 2 anos.

A memoria xustificativa do contrato, e tamén o prego de cláusulas administrativas, establecen un prazo de cinco meses desde a sinatura do contrato para a presentación do borrador do Plan estruturante de Ordenación de Solo empresarial así como a documentación ambiental correspondente para a súa tramitación ambiental.

Cando xa se cumpriron 10 meses deste a sinatura do contrato non hai noticias sobre estes documentos, o que leva á conclusión de que estamos diante dunha nova dilación dunha actuación que se preveu no seu momento como estratéxica e que debía estar rematada no ano 2024.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que previsións ten a Xunta en relación coa ampliación do parque empresarial do Campiño?

Por que razón a Xunta paralizou durante dez anos a ampliación do parque empresarial do Campiño e a creación do parque empresarial de Fragamoreira?

Que impacto tivo no ámbito da actividade económica e do emprego da comarca de Pontevedra esta paralización?

Que investimentos prevé levar a cabo a Xunta en relación coa dotación de solo empresarial na área de Pontevedra?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 13/06/2025 11:01:14





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 13/06/2025 11:03:12





Grupo
Parlamentario
Socialista de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 12:07:07
Nº Rexistro: 27381
Data envío: 13/06/2025 12:07:07.780

Asinado o día 13/06/2025 ás 12:04
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

María del Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os tribunais levan anos advertindo sobre os problemas na forma en que a Xunta de Galicia xestiona as axudas dirixidas ás persoas traballadoras autónomas. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), a través de distintas sentenzas, vén sinalando erros, falta de dilixencia e unha excesiva dureza formal por parte da Administración galega que, lonxe de facilitar, pon atrancos ao acceso a estas subvencións.

O último caso, feito público en xuño de 2025, é un bo exemplo do que está a fallar. Un autónomo pediu no prazo unha axuda do chamado Bono das persoas autónomas, no ano 2022. A Xunta tardou 10 meses en concedela, e aínda despois dese retraso, só lle fixo o pago o 15 de decembro. O problema é que ese pago chegou tarde: dez días despois da data límite que a propia Xunta de Galicia fixara para facer os investimentos (o 5 de decembro) e a só cinco días do prazo para presentar a documentación (o 20 de decembro).

A pesar de todo, o autónomo fixo o investimento o 7 de decembro —antes de recibir os cartos— e xustificouno correctamente. Con todo, un ano despois, en xaneiro de 2024, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pediulle que devolvese os 2.000 euros da axuda porque, segundo eles, gastara o diñeiro fóra de prazo.

O TSXG non só lle deu a razón ao afectado, senón que criticou duramente á Xunta de Galicia por actuar de mala fe e por ser a responsable da situación ao

Asinado o día 13/06/2025 ás 12:04
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 13/06/2025 ás 12:03
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

92550

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-FXSMeH49r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 12:07:07
Nº Rexistro: 27381
Data envío: 13/06/2025 12:07:07.780

demorar o pago. Ademais, deixou claro que os gastos se fixeron correctamente e para o fin previsto.

Este caso non é unha excepción. Hai máis resolucións xudiciais que apuntan na mesma dirección: denegacións arbitrarias, falta de sentido común, ou decisións baseadas unicamente en formalismos. Nalgúns casos, rexeitouse unha axuda porque o ingreso se fixo no banco en lugar dunha transferencia.

É evidente que algo non funciona. O modelo de apoio ao emprego autónomo da Xunta de Galicia necesita unha revisión a fondo, máis aínda cando a propia xustiza está cuestionando o seu funcionamento. Urxe corrixir estas deficiencias para que as axudas cheguen a quen as necesita.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia para cumprir a sentenza do TSXG sobre o Bono das persoas autónomas de 2022?
2. Canto diñeiro reclamou a Xunta de Galicia nos últimos cinco anos a persoas autónomas por razóns puramente formais ou por erros atribuíbles á propia Administración?
3. Vai establecer a Consellería un protocolo claro que garanta que os anticipos se fagan a tempo, antes do prazo límite para facer os investimentos?
4. Ten previsto o Goberno galego sentarse coas asociacións de persoas autónomas para revisar este modelo de axudas e propoñer solucións que eviten estas inxustizas?

Santiago de Compostela, a 12 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

92551

28071 Madrid





Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/06/2025 12:03:58

Elena Espinosa Mangana na data 13/06/2025 12:04:10

Silvia Longueira Castro na data 13/06/2025 12:04:20





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 13/06/2025 12:07:08

CSV: BOPGDSPG-FXSMehA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 12:34:18
Nº Rexistro: 27391
Data envío: 13/06/2025 12:34:18.205

Asinado o día 13/06/2025 ás 12:19
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Silvia Longueira Castro e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O sistema de xestión procesual Minerva implantouse nos xulgados de Galicia en varias fases, comezando coa migración desde o sistema anterior, Libra, entre os anos 2007 e 2009.

A versión máis avanzada, chamada Minerva NOX, púxose en funcionamento o 4 de maio de 2010, coincidindo coa entrada en vigor da Nova Oficina Xudicial (NOX). Esta implantación afectou a unhas 50 sedes xudiciais e a aproximadamente 2.000 persoas usuarias en toda a comunidade.

Desde aquela, Minerva foi evolucionando con novas versións pero sempre en castelá a pesar do compromiso do Goberno galego.

A pesar destes cambios o sistema seguiu dando algúns problemas e a quedar obsoleto en relación ao avance na dixitalización da xustiza, polo que no ano 2021 o Ministerio de Xustiza para mellorar a tramitación electrónica e automatizada dos procedementos xudiciais desenvolveu un novo sistema denominado sistema Atenea cuxa implantación iniciouse xa de forma progresiva nese ano 2021 en varias comunidades autónomas.

A implantación de Atenea en Galicia está prevista para 2025, segundo o Plan de migración establecido polo Ministerio de Xustiza. Este plan forma parte dunha estratexia máis ampla de transformación dixital da Xustiza, que inclúe a modernización das infraestruturas tecnolóxicas, a mellora da ciberseguridade e

Asinado o día 13/06/2025 ás 12:19
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 13/06/2025 ás 12:19
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

92554

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-FXSMeH49r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 12:34:18
Nº Rexistro: 27391
Data envío: 13/06/2025 12:34:18.205

a automatización de procesos para reducir a carga administrativa e mellorar a eficiencia do sistema xudicial.

A nova versión de Atenea, dispoñible desde o 13 de marzo de 2023, introduciu melloras funcionais baseadas nas solicitudes das persoas usuarias, como a automatización do rexistro de trámites e a integración directa de escritos presentados por LexNET. Estas melloras permitirán aforrar un tempo estimado de case 8.000 horas de traballo manual ao ano e mellorar a calidade dos datos e a ciberseguridade do sistema.

O sistema Minerva de xestión procesal implementouse unicamente en idioma castelán, argumentando o goberno galego que posteriormente se faría unha versión en galego, cosa que nunca sucedeu.

Na actualidade o Goberno galego non aclarou o idioma co que vai implementar o sistema Atenea nos xulgados galegos polo que na vista dos antecedentes as e os socialistas tememos que volva a ser o castelán o idioma único deste sistema deixando novamente o galego ao marxe da Administración de xustiza.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Vai o Goberno galego implementar o novo programa xudicial (Atenea) en lingua galega, co fin de permitir que os profesionais da xustiza poidan desenvolver o seu traballo en lingua galega?

Santiago de Compostela, a 13 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

92555

28071 Madrid

@PSdeG





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 13/06/2025 12:19:38

Silvia Longueira Castro na data 13/06/2025 12:19:45

Patricia Iglesias Rey na data 13/06/2025 12:19:52



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 12:34:18
Nº Rexistro: 27391
Data envío: 13/06/2025 12:34:18.205

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 13/06/2025 12:34:18

CSV: BOPGDSPG-FXSMehA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a actualización do documento técnico que recolle a modificación da obra da Vía Ártabra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na resposta escrita con número 9600, con data de 23 de agosto de 2024, a respecto do trazado da Vía Ártabra e as súas modificacións, indícase:

“Actualmente estase a actualizar o documento técnico que recollía o modificado da obra da Vía Ártabra, coa solución definitiva que reducía a afección sobre a zona húmida de A Gándara, e as prescricións do Ministerio de Transportes. Ademais, incluirá un anexo de “xustificación da solución adoptada”. O documento previse que estea rematado a finais deste 2024 para poder comezar cunha nova información pública do proxecto de trazado e de avaliación ambiental”.

A obra da Vía Ártabra acumula numerosos atrasos e modificacións. A finalización desta obra é urxente, tendo en conta os grandes problemas de circulación que sofre habitualmente a comarca da Coruña.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é a situación actual do proxecto da Vía Ártabra?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- En que estado se atopa a actualización do documento técnico da modificación da Vía Ártabra?

- Vaise retomar o trazado previsto inicialmente, enlazando coa A-6, ademais da N-VI e a AP-9?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 13/06/2025 13:06:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 13:07:44
Nº Rexistro: 27396
Data envío: 13/06/2025 13:07:44.988

CSV: BOPGDSPG-FXSMehA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 13:07:44
Nº Rexistro: 27396
Data envío: 13/06/2025 13:07:44.988

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 13/06/2025 13:07:45

CSV: BOPGDSPG-FXSMerHA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á reprobação da actuación do Concello de Moraña ante a declaración de loito oficial na que homologa o tratamento dunha muller presunta vítima de feminicidio e dun matratador condenado e reincidente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o noso país viviu con conmoción como o sábado 31 de maio uns sendeiristas atopaban un coche ardido. A investigación puido confirmar a localización do cadáver dunha muller e dun home que, despois das probas de ADN, foron identificados como dous veciños do Concello de Moraña que estaban desaparecidos. A muller localizada era vítima de violencia machista e así constaba no sistema Viogén. Así mesmo, o home localizado era un maltratador reincidente e condenado que presuntamente tería que estar ingresado no cárcere.

Despois destes feitos o Concello de Moraña decidiu proclamar o loito oficial cun comunicado que escandalizou á sociedade por ignorar conscientemente calquera referencia á situación de violencia de xénero e por dar un tratamento conxunto e idéntico ás dúas persoas falecidas, afondando na revitimización e supoñendo unha banalización e secundarización da violencia machista e da súa extrema gravidade.

Esta situación debe obrigar a unha rectificación pública que aínda non sucedeu e, ademais, supoñer un punto de inflexión para que algo destas características non poida volver repetirse no noso país. Galiza conta cunha ampla experiencia en materia de sensibilización, intervención e actuación ante a violencia machista e consta con distintos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

foros e medios de asesoramento que pode e debe poñer a disposición para que unha situación tan lamentable non poida volver repetirse. Máis aínda cando segundo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e o seu artigo 4 “Os concellos como administración máis próxima á cidadanía participarán no desenvolvemento desta lei, habilitándose por parte da administración galega os recursos necesarios para tal fin”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera o goberno da Xunta de Galiza reprochable o comunicado de loito oficial do Concello de Moraña por homologar vítima de violencia machista e maltratador condenado e reincidente?

Considera necesario que a Xunta impulse algún tipo de asesoramento para os concellos galegos de cara a mellorar a súa comunicación neste tipo de casos e establecer unhas pautas comúns?

Valora impulsar algunha iniciativa neste sentido oa colaboración do Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero e, singularmente, a Fegamp?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/06/2025 13:46:14

CSV: BOPGDSPG-FXSMehA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 13:48:04
Nº Rexistro: 27401
Data envío: 13/06/2025 13:48:04.533

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 13/06/2025 13:48:05

CSV: BOPGDSPG-FXSMerHA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao atraso na apertura do Centro de Atención ás Persoas con Discapacidade de Ourense adxudicado pola Xunta de Galiza en abril de 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As comarcas de Ourense sofren historicamente unha discriminación en materia de servizos públicos esenciais en relación coa atención á discapacidade, salientando a inexistencia dun centro de xestión pública e directa para aqueles usuarios e usuarios que o precisen ao pasar dos 21 anos. É por iso que desde hai máis dunha década a sociedade ourensá e, singularmente, os pais e nais e a Plataforma Procapd mobilizáronse para o conseguir.

Tras anos de loita a Xunta de Galiza, gobernada polo Partido Popular, cedeu e accedeu a orzar e planificar a construción dun centro destas características. Despois dun primeiro proxecto con eivas e de distintos atrasos e dificultades á hora de atopar os terreos, en xuño de 2020 a Xunta de Galiza asinaba coa UTE Construcciones ALEA, S.L. - Proforma Ejecución de Obras y Restauraciones, S.L. o contrato de obras de construción dun centro de atención a persoas con discapacidade en Ourense, sendo de 18 meses o prazo de execución polo que debería estar totalmente rematada a obra do CAPD no mes de febreiro de 2022. A mediados do mes de xuño de 2021 a UTE adxudicataria comunicaba á Xunta de Galiza a imposibilidade de continuar coa execución do contrato asinado polo que procedía á paralización da construción da obra, extremo do que o goberno galego en ningún momento informou, nin tampouco tomou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medidas ata que esta cuestión foi denunciada polas familias. No 2022, cando as obras tiñan que ser unha realidade, levaban seis meses paralizadas ata que o goberno galego recoñeceu en sede parlamentaria ante o BNG ter a situación bloqueada polo impacto da crise de prezos. Despois da insistencia das familias houbo un novo proceso de contratación que obtivo no outono de 2022 a empresa COPASA. Porén, en xaneiro de 2023 seguía sen coñecerse a reprogramación desta obra máis alá de vaguidades e dunha nova promesa para xaneiro de 2024, tamén incumprida.

Finalmente, confirmouse o incumprimento por parte do goberno da Xunta de impulsar este centro cun modelo de xestión pública e directa. Así, o Consello da Xunta de Galiza do 27/12/2024 tomaba un acordo polo que se autorizaba a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de contratación, suxeito á regulación harmonizada, do servizo de xestión integral do Centro de atención a persoas con discapacidade de Ourense, titularidade da Xunta de Galicia, por un montante estimado total de trece millóns novecientos cincuenta e seis mil seiscientos tres euros con doce céntimos (13.956.603,12€) incumprindo distintos acordos políticos e institucionais.

A licitación previa, na súa documentación, o inicio do funcionamento para o 1 de abril de 2025, aínda que finalmente a adjudicación foi resolta en 04-04-2025 por un montante de 8.068.523,24 € e un prazo de execución de dous anos.

Pasados máis de dous meses desta data, o centro continúa sen abrir, causando un prexuízo ás familias e á sociedade. Máis aínda, hai coñecemento de que no interior do edificio continúan realizándose cando menos obras menores.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cando vai garantir a Xunta, despois de dous meses de atraso, a apertura do centro de discapacidade de Ourense que decidiu non xestionar de forma directa?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cales son as razóns da demora na súa apertura?

Que cuestións de infraestrutura estaban pendentes no momento de adjudicar a obra?

Por que continúan facéndose arranxos no interior? A quen corresponde a súa realización?

Está supoñendo algún sobrecusto no orzamento inicial do edificio? Cales son as razóns?

Que responsabilidades asume o goberno galego desta situación?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/06/2025 9:28:09



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 09:34:33
Nº Rexistro: 27436
Data envío: 16/06/2025 09:34:33.206

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 16/06/2025 9:34:33

CSV: BOPGDSPG-FXSMehA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as actuacións do sistema de protección de vítimas de violencia machista e as declaracións do Subdelegado do Goberno en Pontevedra ante o crime machista ocorrido o 31 de maio en Campo Lameiro (Moraña, Pontevedra).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 31 de maio apareceu un coche calcinado en Campo Lameiro (Moraña, Pontevedra). No seu interior atopábanse os corpos de Marisol Costa, vítima de violencia machista, e do seu maltratador, Ramón García, reincidente e condenado. Cómpre recordar que a vítima se atopaba, co máximo nivel de risco, no sistema Viogén e que, polo tanto, é preciso aínda esclarecer o grao de corrección na aplicación das medidas de protección e, en todo caso, analizar que melloras é preciso impulsar. Esa debe ser a reacción de todas as institucións cando ocorre un feminicidio que estaba dentro do sistema.

Máis aínda, ante un caso deste tipo, as distintas institucións teñen unha responsabilidade na comunicación pública da información sobre os casos, singularmente no que atinxe a non dar pé a revitimizar ou cuestionar ás vítimas.

É por iso que é incompreensible que, nesta situación, o Subdelegado do Goberno en Pontevedra ao explicar a investigación en curso sobre estes feitos, realice unhas declaracións absolutamente irresponsables que contraveñen todo o lexislado e avanzado en materia de violencia machista afirmando que “non se pode protexer a quen non quere que a protexan”, en relación ao feito de que a vítima presuntamente convivía co agresor



malia contar cunha orde de protección. Indicou que “todos somos adultos e independentes” e que “non pode haber vixilancia as 24 horas e os sete días da semana para ninguén e menos para quen non quere que a protexan”. Para finalizar, eloxiou a labor das forzas e corpos de seguridade do Estado neste caso. Respecto ao feito de que presuntamente o Xulgado deixara en liberdade ao agresor días antes, engadiu que estamos ante “un Estado garantista”.

A isto é preciso engadir que o Concello de Moraña decidiu proclamar o loito oficial cun comunicado que escandalizou á sociedade por ignorar conscientemente calquera referencia á situación de violencia de xénero e por dar un tratamento conxunto e idéntico ás dúas persoas falecidas, afondando na revitimización e supoñendo unha banalización e secundarización da violencia machista e da súa extrema gravidade.

É preciso que este tipo de comunicación pública non se volva reiterar e, así mesmo, como cada vez que é asasinada unha muller que constaba no sistema de protección debe revisarse o caso para asegurarse da existencia ou non de responsabilidade pública ou de marxe de mellora de actuación.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que valoración fai o goberno galego das circunstancias que se coñecen publicamente e que rodean o caso do feminicidio de Moraña?

Indagou ou vai indagar o goberno galego respecto da corrección da aplicación dos mecanismos previstos e posibles de intervención psicosocial e protección policial? A través de que mecanismos?

Considera que fallou o sistema Viogén e a protección á vítima de forma reiterada?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Vai investigar por que motivo se pode vulnerar unha orde de afastamento sen que o maltratador sexa detido e encarcerado?

Avaliou ou vai avaliar o goberno galego o ocorrido nos foros de cooperación interinstitucional? Con que resultado?

Comparte o Goberno galego as afirmacións realizadas polo Subdelegado do Goberno de Pontevedra? Trasladou a súa valoración?

Comparte o Goberno galego o comunicado de loito do Concello de Moraña? Dirixiuse ao concello ao respecto? En que termos?

Considera que fallou o sistema Viogén e a protección á vítima de forma reiterada?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/06/2025 10:02:02



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/06/2025 10:09:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 10:09:26
Nº Rexistro: 27441
Data envío: 16/06/2025 10:09:26.208

CSV: BOPGDSPG-FXSMerHA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a urxencia de a Xunta rectificar o seu desprezo ás creadoras e creadores musicais galegos e ás institucións que as programan e visibilizan.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas diferentes cargos institucionais teñen feito declaracións de absoluto desprezo pola creación cultural galega e polos seus creadores e creadoras.

Para alén de facer un uso partidista e perverso de festivais musicais financiados pola Xunta con diñeiro público dos galegos e galegas e onde a presenza de artistas galegos é nula ou ínfima, desprezan a programación cultural de concellos gobernados polo BNG, como Santiago de Compostela e Lugo, por apostaren precisamente por pór en valor nas súas festas e espazos culturais públicos a diversidade musical de autoría galega, desde os proxectos máis innovadores e emerxentes até os máis consolidados.

Unha actitude impropia do goberno do PP este desprezo á cultura galega, así como a utilización obscena de eventos musicais pagados con diñeiro público no propio beneficio do PP.

Asinado o día 16/06/2025 ás
10:32
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Por que o PP, por medio dos seus cargos públicos, despreza a música galega e as institucións que a poñen en valor e visibilizan, mentres destina millóns de euros dos galegos e galegas a eventos onde a música galega non existe ou é marxinal?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 16/06/2025 10:32:57





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 16/06/2025 10:34:25

CSV: BOPGDSPG-FXSMerHA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a falla de medios para a realización de mamografías no hospital de Valdeorras e o traslado de usuarias ao hospital de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación sanitaria de Galiza é grave. Valdeorras non é alleo a esta situación, máis ben estamos peor. O Hospital de Valdeorras está nunha situación límite e a cidadanía ten que estar día si e día tamén manifestándose na súa defensa para evitar o seu desmantelamento.

A esta situación engádese un problema grave de falla de comunicacións coa cidade de Ourense a que son derivados os usuarios da sanidade pública. Non fai falla que lles diga os km que hai dende calquera concello do distrito ou o tempo que leva ou a falla de transporte públicos.

O último destes problemas do noso hospital de referencia e da atención médica que se presta nel saltou aos medios de comunicación nestes días. Agora resulta que as mulleres do distrito de Valdeorras teñen que ir facer as mamografías ao hospital de Ourense. Un problema que se estaba a producir dende fai tempo e que demostra a grave falla de atención no ámbito deste distrito sanitario. Un problema con tintes de discriminación cara as mulleres. Esta nova de grande transcendencia trae consigo unha grande preocupación aos usuarios do hospital de Valdeorras e tamén a todas as veciñas e veciños da comarca e do distrito sanitario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos ante un grave ataque a base sanitaria da nosa comarca. Como pode ser que unha proba diagnóstica tan común e tan necesaria se traslade a Ourense

A consellería de Sanidade, non tomou ningunha medida ante as queixas das mulleres que teñen que trasladarse tres horas en vehículo propio ou facer un recorrido en transporte público de tempo indeterminado para someterse a unha proba que leva uns minutos. Unha proba por outra banda, necesaria e obrigatoria para previr un dos cancros máis comúns e que afecta maioritariamente as mulleres; unha proba que realizan practicamente toda a poboación feminina.

A Consellería de Sanidade e o SERGAS tampouco explicou o por que desta situación nin que problemas existen para aplicarlles as mulleres de Valdeorras tremendo castigo, o por que desta actuación en detrimento dunha atención pública e de calidade a poboación deste distrito sanitario e do hospital público do Barco de Valdeorras.

Ao BNG parécenos realmente vergoñento que a consellería de sanidade dependente da Xunta gobernada polo PP deixe ao hospital de referencia desta importante comarca sin este servizo tan necesario para unha adecuada asistencia sanitaria.

Ante este despropósito dende o Bloque Nacionalista Galego e ante a fonda preocupación existente na veciñanza do distrito sanitario de Valdeorras esiximos a Xunta de Galiza, a Xunta do PP que reverta dun xeito urxente este despropósito en contra das mulleres do noso distrito sanitario, esiximos parar con esta violencia sanitaria cara as mulleres.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Sr conselleiro de Sanidade da Xunta de Galiza, coñece este grave problema que existe no hospital publico de Valdeorras?
2. Sr conselleiro, como pode ser que as persoas que teñen que facer unha proba tan común como é unha mamografía teñan que trasladarse ao CHUO?
3. Sr conselleiro, como pode ser que as mulleres de Valdeorras que maioritariamente sofren este problema e sobre todo a partires dunha idade teñen que facerse esta proba tan importante para a súa saúde fora do seu hospital de referencia?
4. Sr conselleiro de Sanidade da Xunta de Galiza, que explicación ten vostede a este violento agravio as mulleres do distrito sanitario de Valdeorras?
5. Sr conselleiro de Sanidade da Xunta de Galiza, que explicación ten a esta situación?
6. Sr conselleiro, ten algo que ver esta negligente actuación con unha discriminación da Xunta as mulleres de Valdeorras?
7. Que solución pretende dar a Xunta de Galiza a este grave problema da sanidade Valdeorras?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 16/06/2025 10:53:32





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 16/06/2025 10:54:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a importancia de actualizar a Lei de normalización lingüística (1983) á emerxencia en que se atopa o galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 15 de xuño de 1983 aprobábase por unanimidade no Parlamento galego a Lei de normalización lingüística.

O regulamento desta lei responde ao establecido no artigo 3 da Constitución e no 5 do Estatuto de Autonomía, co obxectivo de garantir a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galiza e asegurar a normalización do galego como lingua propia do noso pobo.

Transcorridos 42 anos poden destacarse algúns avances na aplicación desta norma que contribuíron a asegurar a presenza social do galego, mais o paso do tempo acabou por confirmar a falta de implicación cun desenvolvemento completo dos diferentes títulos da lei por parte dos sucesivos gobernos da Xunta, moi maioritariamente baixo a responsabilidade do Partido Popular, agás no período 205-2009.

Malia non ser unha normativa esgotada, catro décadas despois, non está á altura das necesidades comunicativas da sociedade actual nin anticipa os novos modelos de interacción dixital, cada vez máis maioritarios e de prestixio e onde é imprescindible a presenza dunha lingua minorizada para asegurar a normalización do galego, tal e como define como obxectivo a propia Lei de normalización lingüística.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un obxectivo que debe centrar a política lingüística do goberno atendendo á evolución negativa da radiografía sociolingüística que presenta a lingua galega nas últimas catro décadas, así como ao actual contexto de emerxencia lingüística para o que todas as institucións académicas, científicas, universitarias e organizacións sociais de gran traxectoria no traballo en normalización lingüística están a demandarlle ao goberno do Partido Popular na Xunta un cambio de rumbo con urxencia.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora a Xunta o desenvolvemento da Lei de normalización lingüística desde a súa aprobación o 15 de xuño de 1983?
- Considera que a Xunta deseñou unha política lingüística baseada nesta lei desde 2009?
- Pensa o goberno que unha lei como esta dá resposta á realidade do galego do século XXI? E aos retos de futuro?
- Que vai facer o goberno para empezar a cumprir o obxectivo da Lei de normalización lingüística: asegurar a normalización do galego como lingua propia do noso pobo?
- Está a traballar na elaboración dun novo marco legal que actualice esta lei? Cando prevé a súa entrada no parlamento?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 16/06/2025 12:49:34

CSV: BOPGDSPG-FXSMehA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/06/2025 12:52:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 12:52:57
Nº Rexistro: 27461
Data envío: 16/06/2025 12:52:57.480

CSV: BOPGDSPG-FXSMerHA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a avespiña do castiñeiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das maiores ameazas para o cultivo de castiñeiro é a avespiña asiática do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*), a cal interrompe o crecemento dos brotes e limita a produción de froito.

Desde que no ano 2014 fora detectada nas provincias de Lugo e Ourense, os soutos e castiñeiros galegos levan rexistrando desde ese momento a presenza da avespiña que a día de hoxe está practicamente estendida pola nosa xeografía presentando porcentaxes de incidencia cada ano máis altos ata o punto de constituír a máis seria ameaza para a produción de castaña.

Actualmente, este insecto figura no Anexo III (Lista de zonas protexidas e respectivas pragas cuarentenarias de zonas protexidas e os seus códigos respectivos) do Regulamento de Execución (UE) 2019/2072 e está incluído na lista A2 da EPPO.

O control biolóxico da avespiña do castiñeiro baséase na utilización do seu inimigo natural, o parasitoide *Torymus sinensis*, que se desenvolve no interior das agallas e rompe o ciclo biolóxico da praga da avispiña (*Dryocosmus kuriphilus*). Este parasitoide foi introducido con éxito en Xapón, Italia e España, entre outros lugares, con reducións significativas da presenza de agallas varios anos despois de iniciar as soltas do mesmo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Consellería empezou o combate desta praga desde 2016 coa solta de *Torymus*, procedentes de Italia, pero dun xeito experimental, e sempre en cantidades claramente insuficientes como para frear a expansión da avespiña que cada ano coloniza máis árbores.

Xa ninguén dubida da gravidade da praga da avespiña do castiñeiro tanto pola súa extensión xeográfica coma pola intensidade desta e dos danos que está a ocasionar nos soutos consolidados e nas plantacións que se están a facer de novo.

Non coñecemos como, nin cando, se levaron a cabo as soltas do parasitoide *Torymus*, e non hai notificación das zonas onde se realizan nin instrucións ó respecto para os propietarios/as de soutos e novas plantacións; mentres que noutras comunidades autónomas onde se realizaron soltas de *Torymus* si hai divulgación de como facer para non interferir no desenvolvemento do individuo e favorece-la súa expansión e eficacia.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Cal é a razón pola que non se divulgou no seu momento en que zonas xeográficas se ían facer soltas de *torymus sinensis*?

-Non cre a Consellería de Medio Rural na conveniencia de organizar charlas e fornecer de material divulgativo a aqueles propietarios de soutos e novas plantacións de castiñeiros co obxecto de non entorpece-la instalación de poboacións do predador da avespiña?

-Cal é a incidencia, ás luces da primavera e da brotación, nas novas zonas de instalación da avespiña e a onde chegou a súa expansión este último ano?

-Cales son as previsións iniciais de encomenda de individuos *torymus sinensis* para o ano próximo vista a expansión en áreas xeográficas e en intensidades?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 16/06/2025 13:14:09

CSV: BOPGDSPG-FXSMehA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 13:14:39
Nº Rexistro: 27464
Data envío: 16/06/2025 13:14:39.645

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 16/06/2025 13:14:40

CSV: BOPGDSPG-FXSMerHA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o que debe facer a Xunta da Galiza respecto da negociación do convenio colectivo do Comercio alimentación da provincia de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas traballadoras do sector do comercio de alimentación teñen reguladas as súas relacións laborais, salarios e condicións de traballo a través de convenios de ámbito provincial.

No caso da provincia de Ourense o convenio colectivo actualmente vixente foi negociado para o período 1 de xaneiro do 2021 a 31 de decembro 2024, e o proceso de negociación iniciado paralizouse por atoparse as posturas das dúas partes moi distantes, rachando a negociación despois de varias reunións coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais.

A principal reivindicación da parte social é corrixir a perda de poder adquisitivo acumulada nos últimos anos por causa do brutal encarecemento da vida, así como a diferenza salarial existente entre o convenio ourensán e os convenios das provincias da Coruña e Pontevedra, que están uns 3.000€/ano por enriba, cando dun xeito moi maioritario as grandes empregadoras do sector son as mesmas empresas, que ademais controlan a representación da parte empresarial na mesa de negociación do convenio.

Combater a despoboamento da provincia de Ourense, implica necesariamente tomar medidas que corrixan os diferenciais negativos en canto a salarios e pensións, e





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

todas as medidas tendentes a unificar un marco galego de relacións laborais serían beneficiosas.

Neste sentido as reivindicacións da parte social son totalmente coherentes coa política de cohesión social e territorial que, cando menos nominalmente, di defender a Xunta do Partido Popular

Os prezos para o público dos produtos á venda son os mesmos, as empresas as mesmas e o traballo realizado polo persoal o mesmo tamén, non se xustifica a diferenza salarial existente.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Sabe a Xunta de Galiza cantas persoas traballan no sector do Convenio do comercio alimentación da provincia de Ourense?

Sabe que porcentaxe de mulleres traballa neste sector?

Considera a Xunta de Galiza que salarios que rondan o salario mínimo interprofesional son suficientes para manter un proxecto de vida independente?

Considera a Xunta de Galiza que pode combater o despoboamento da provincia de Ourense ao mesmo tempo que existen diferencias salariais anuais de 3.000€ por realizar o mesmo traballo nas mesmas empresas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/06/2025 13:14:44

CSV: BOPGDSPG-FXSMerHA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 13:24:49
Nº Rexistro: 27469
Data envío: 16/06/2025 13:24:49.489

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 16/06/2025 13:24:50

CSV: BOPGDSPG-FXSMerHA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade de que a Xunta de Galiza impulse un comité de crise ante a situación de emerxencia por violencia machista no noso país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No último mes Galiza está a rexistrar unha alta incidencia de feitos graves de violencia machista. Así, nas últimas semanas o noso país viviu intentos de feminicidio que transcendeu á opinión pública a través dos medios de comunicación, como os feitos acontecidos o 20 de maio no Barco de Valdeorras, onde unha muller se tirou dun cuarto piso escapando do seu maltratador que intentaba asasinala; ese mesmo día pola noite un home intentaba prender lume ao fogar da súa exparella e súa filla en Tomiño e dous días despois un home tiroteaba a súa parella en Verín tentando tamén matala.

Posteriormente, o 31 de maio transcendía a localización do corpo sen vida de quen despois se identificaría como Marisol Costa, vítima de violencia, e do seu maltratador reincidente e condenado. Despois deste caso, o 15 de xuño, dúas semanas despois, transcendía o asasinato doutra muller de 49 anos na Coruña, tamén presuntamente asasinada polo seu maltratador.

Máis aínda, hai que salientar que nestes dous feminicidios e en cando menos dous dos tres intentos de feminicidio sinalados, as vítimas constaban no sistema Viogén. Cómpre, ademais, ter en conta que está estudado, tanto polos informes do Ministerio de Igualdade, como por informes do poder xudicial como outros estudos cualitativos que a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

chegada do período estival, con tempo de lecer e incremento das temperaturas e das convivencias, supoñen un incremento do risco en materia de violencia de xénero.

Ante estes feitos é necesario que as administracións actúen e non permanezan pasivas. É preciso revisar todos e cada un dos casos con premura e avaliar se houbo algún fallo ou insuficiencia a corrixir ou se hai marxe de mellora da intervención. Non facelo envía unha mensaxe de pasividade á sociedade que non se pode consentir. Así mesmo, é preciso revisar, de cara ao verán, todos os mecanismos de funcionamento e cooperación interinstitucional así como os protocolos e, asemade, avaliar os incrementos de recursos, accións, medidas ou campañas necesarios.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai impulsar a Xunta de Galiza, como máxima responsable das políticas de igualdade, un comité de crise ante a emerxencia por violencia machista que vive o noso país?

Considera que a consumación de dous asasinatos machistas en quince días non é unha situación de urxencia?

Revisou o vai revisar as circunstancias e actuacións nestes casos?

E nos graves intentos de asasinatos coñecidos en maio de 2025 e posteriormente?

Como valora que non haxa unha reacción institucional específica ante esta escalada?

Que actuacións específicas impulsou a Xunta ante o incremento de riscos que supón o verán?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que melloras considera o goberno galego que hai que impulsar respecto Viogén e o sistema de protección das vítimas?

E respecto da vixilancia dos agresores?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/06/2025 13:43:31

CSV: BOPGDSPG-FXSMehA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 13:45:15
Nº Rexistro: 27476
Data envío: 16/06/2025 13:45:15.394

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 16/06/2025 13:45:15

CSV: BOPGDSPG-FXSMerHA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o que debe facer a Xunta da Galiza respecto da situación de crise da empresa Guidoni Quartz no Concello de Narón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

GUIDONI QUARTZ SPAIN S.L dedícase á fabricación e venda de taboleiro de aglomerado de seixo, ten domicilio social e principal centro de traballo no polígono das Lagoas no Concello de Narón, no que traballan actualmente 122 persoas.

O principal mercado da empresa nos exercicios 2023 e 2024 foron os Estados Unidos, que representaron máis do 55% da facturación da empresa.

Esta empresa ven de comunicar á parte social a súa intención de realizar un ERTE coa xustificación dun importante descenso de pedidos durante o ano 2024 do mercado dos Estados Unidos, que ademais se ten agravado nos últimos meses pola política arancelaria da administración Trump.

O ERTE proposto tería unha duración dun ano e afectaría á totalidade do cadro de persoal.

Estamos diante dunha nova crise industrial no comarca de Ferrol, neste caso unha empresa emblemática, con moitos anos de historia que xa pasou por anteriores situacións complicadas e diferentes propiedades.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A falta de alternativas ao mercado estadounidense e outros factores que estamos a coñecer a través da parte social fan necesaria a intervención urxente da Xunta de Galiza para consolidar a actividade e o emprego desta empresa.

Compren solucións a curto prazo para evitarlle prexuízos aos traballadores e traballadoras máis tamén un plan industrial a medio e longo prazo, e a Xunta como titular das competencias en materia de Emprego e máis de Industria non pode poñerse de perfil.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Coñece a Xunta de Galiza a crise da empresa Guidoni Quartz do Concello de Narón?
2. Que medidas ten previsto promover a Xunta de Galiza para garantir o emprego e a actividade industrial desta empresa en Narón?
3. Que opina da afectación desta empresa pola política arancelaria dos Estados Unidos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 16/06/2025 17:38:05

CSV: BOPGDSPG-FXSMehA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/06/2025 17:39:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 17:39:45
Nº Rexistro: 27503
Data envío: 16/06/2025 17:39:45.395

CSV: BOPGDSPG-FXSMerHA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, a xestión da Xunta de Galiza do Programa de axudas Moves III de incentivos á mobilidade eléctrica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Boletín Oficial do Estado publicou no primeiro de abril de 2025 o Real Decreto-lei 3/2025, de 1 de abril, polo que se establece o programa de incentivos ligados á mobilidade eléctrica (MOVES III) para o ano 2025.

Este Real Decreto, chega logo de que a anterior convocatoria deste programa rematase en caneiro de 2025, deixando a milleiros de potenciais demandantes sen unha axuda que lles permitise acceder a un vehículo electrificado.

O colapso do Plan MOVES III, tras o rexeitamento do chamado "decreto omnibus" no Congreso dos Deputados, tivo un impacto significativo na transición cara á mobilidade eléctrica en España. E tivo consecuencias no comportamento dos usuarios e nas operacións dos concesionarios de vehículos.

O rexeitamento do Congreso ao decreto omnibus supón que, dun día para outro, perderamos o Plan Moves III e a dedución do 15 % no IRPF pola compra dun coche eléctrico.

Na práctica, isto significa que, nese momento, quen adquirise un vehículo eléctrico non se pode solicitar a axuda de ata 7.000 euros, nin a subvención para a

Asinado o día 16/06/2025 ás
18:01
Por José Manuel Golpe Acuña





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

compra e instalación de estacións de carga, nin recibirá os 3.000 euros que, para a maioría dos modelos á venda, podería recuperar a través da súa declaración da renda.

Non é menor tampouco a afección que a falta destas axudas tivo sobre o tecido das pemes e autónomos no sector da electricidade; dado que son estes os profesionais que se encargan da instalación dos sistemas de recarga domésticos.

Neste momento, a mediados do mes de xuño, a plataforma de xestións destas axudas, onde as entidades colaboradoras poden solicitar e xustificar os expedientes de solicitude de axudas.

O RD 3/2025 ten unha clara intención continuista, sen modificar os criterios de concesión nin os obxectivos da propia convocatoria anterior. Logo non sen entende o por que deste atraso que segue a desalentar o compra de vehículos eléctricos e a instalación de puntos de recarga domésticos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Por que motivo non está operativa a plataforma de xestión do programa Moves III na páxina web do Inega?
2. Vaise artellar o sistema de solicitudes a través de entidades colaboradoras?
3. Cal é o perfil de entidade colaboradora que acoden a estas convocatorias?
4. Cantas axudas do programa “Renova o teu Vehículo” xestionaron no ano 2024?
5. Cantas solicitudes do Moves III se xestionaron no ano 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. Cal é modelo de mobilidade persoal da Xunta de Galiza ? Por que tecnoloxías apostan?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 16/06/2025 18:01:22



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/06/2025 18:02:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 18:02:05
Nº Rexistro: 27515
Data envío: 16/06/2025 18:02:05.836

CSV: BOPGDSPG-FXSMerHA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a cesión dos terreos da Cros, en Culleredo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas, anunciouse que o alcalde de Culleredo vai volver levar ao Pleno deste Concello o proxecto para ceder os terreos da antiga fábrica da Cros, no Burgo, á Fundación CETIM, que fora rexeitado hai máis dun ano nesta mesma institución.

O obxectivo do proxecto é o desenvolvemento dun centro de investigación e foi amplamente descrito nos medios de comunicación. O Concello informou de que “existe consenso”, segundo declaracións recollidas literalmente na prensa escrita, entre a Xunta, a Deputación e o goberno local de Culleredo para concorrer a unhas subvencións da Xunta de Galiza para a dotación de centros tecnolóxicos coas que o proxecto podería obter 10 millóns de euros.

Os terreos da antiga fábrica da Cros esténdense ao longo de 15.000 metros cadrados, en dúas parcelas que son de titularidade pública (unha delas, a que acolle o maior edificio, é un ben de dominio público con destino de equipamento escolar e a outra é un ben patrimonial con uso comercial). O Concello propón a igualación da cualificación xurídica destas dúas parcelas e, posteriormente, unha concesión demanial por adxudicación directa, que é posíbel levar a cabo por tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro e declarada de interese público. Porén, a fundación CETIM (Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial) declara unha facturación anual de 6 millóns de euros (a





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

pesar de que esta información desapareceu da súa páxina web). De acordo co proxecto, o CETIM, que actualmente está instalado no polígono de Alvedro, trasladaríase á Cros.

O rexeitamento deste proxecto no Pleno do Concello de Culleredo de 2024 fundamentouse precisamente na cesión dun espazo público a unha entidade privada. A Cros é un espazo emblemático da ría do Burgo, que corresponde á estrutura, ademais doutros elementos, dunha antiga fábrica de fertilizantes construída en 1931 e que estivo en funcionamento até os anos 80 do século XX. Esta estrutura e terreos poderían servir para usos públicos, e seren aproveitados así por toda a veciñanza de Culleredo e da área, como corresponde por tratarse de patrimonio público.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é a información da que dispón a Xunta de Galiza en relación coa situación da contaminación da estrutura da antiga fábrica da Cros?
- A Xunta de Galiza ten coñecemento do proxecto da Fundación CETIM para a antiga fábrica da Cros, en Culleredo?
- Existe algún tipo de compromiso do goberno galego para apoiar o proxecto da Fundación CETIM para a fábrica da Cros?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 17/06/2025 12:17:31

CSV: BOPGDSPG-FXSMehA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 12:18:47
Nº Rexistro: 27524
Data envío: 17/06/2025 12:18:47.399

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 17/06/2025 12:18:47

CSV: BOPGDSPG-FXSMerHA9r-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 13:33:10
Nº Rexistro: 27534
Data envío: 17/06/2025 13:33:10.751

Asinado o día 17/06/2025 ás 13:27
Por Carlos López For

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas públicas de calidade constitúe un alicerce esencial para o progreso económico, a cohesión territorial e o benestar da sociedade galega. No caso de Galicia, a mellora e modernización das estradas adquire unha relevancia estratéxica para garantir a igualdade de oportunidades, a mobilidade segura e o acceso aos servizos básicos por parte da cidadanía.

Neste contexto, é imprescindible prestar atención ás necesidades viarias e peonís do concello de Tomiño, particularmente naqueles lugares onde a falta de infraestruturas adecuadas supón un risco para a seguridade das persoas.

Un exemplo destacado é San Salvador de Tebra, onde a estrada PO-344, dende a subida á igrexa ata o cruce da entrada a Santa María, presenta unha zona con múltiples establecementos, entre eles unha farmacia, varios comercios, un restaurante e tres paradas de autobús escolar e interurbano a cada lado. Porén, a entrada a Santa María representa un perigo viario significativo, un problema que se tiña previsto solucionar mediante a construción dunha rotonda que, ata o de agora, non se levou a cabo. O principal argumentario para reclamar esta infraestrutura baséase na necesidade de garantir a seguridade viaria, dada a alta concentración de servizos, tránsito e persoas nesta contorna.

Asinado o día 17/06/2025 ás 13:27
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 17/06/2025 ás 13:27
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



